



D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2018** , adoptou o seguinte acordo:

9.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL (LOTE 4)EXPT. 4799/440.

Visto o informe de fiscalización do 08/10/18, dáse conta do informe-proposta do 05/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lote 4)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lote 4)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2018 08:45

Páxina 1 de 4

Expediente 4799/440

CSV: 28E55H-4H4HDA-CCEE BB-F8R6XL-C7GJLG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 “Calzado”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIS”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 4 “Prendas ou elementos da uniformidade especifica do servizo de Policía local”:

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., o día 21 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

Con data do 7 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 60/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recurso nº 82/2018, instada por Dña. Margarita María Reboredo Arnosos actuando en



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2018 08:45

Páxina 2 de 4

Expediente 4799/440

CSV: 28E55H-4H4HDA-CCEE BB-F8R6XL-C7GJLG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



nome e representación de DANNERBOOTS, S.L., na que se acorda adoptar a medida cautelar de suspensión do lote 4.

O 27 de setembro de 2018 a Xunta de Goberno local tomou razón da Resolución nº 77/2018 do TACGAL, recurso nº 82/2018, pola que se desestima o recurso interposto por DANNERBOOTS, S.L.U. contra o acordo de exclusión da súa oferta, lote no 4, e se levanta a suspensión acordada no seu día.

Levantada a suspensión do procedemento e á vista de que a garantía depositada por SAGRES, S.L. é insuficiente por mor dun erro imputable á Administración no requirimento formulado o 21 de agosto de 2018, condecéuselle ao licitador un prazo de tres días hábiles para que puidese completar a garantía. Durante o prazo concedido SAGRES, S.L. completou a garantía definitiva.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 4, SAGRES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAGRES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2018 (e informe complementario do 30 de xullo) e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) por un prezo total de 485.762,15, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.305,83 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta e cunha baixa proporcional única do 13% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 4.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2018 08:45

Páxina 3 de 4

Expediente 4799/440

CSV: 28E55H-4H4HDA-CCEE BB-F8R6XL-C7GJLG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2018 08:45

Páxina 4 de 4

Expediente 4799/440

CSV: 28E55H-4H4HDA-CCEE BB-F8R6XL-C7GJLG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>